



Propiedade intelectual, licenzas de uso e creación de contidos educativos.

Nuria Campo Campo
Asesora técnica docente da SXEFP
21 de outubro 2021

Contidos

- Propiedade intelectual
- Dereitos de autor
- Propiedade industrial
- Marco legal
- Plaxio
- Licenzas
- Contidos educativos dixitais
- Creación de contidos educativos dixitais

Palabras clave

- **Autor/a:** persoa que realizou unha obra literaria, artística etc. [En liña]. Dispoñible: <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/autor> [Consultado: 20-10-2021].
- **Dereito de autor:** dereito que a lei reconece ao autor/a dunha obra intelectual ou artística para autorizar a súa reprodución nos beneficios que esta xere. [En liña]. Dispoñible: <https://dle.rae.es/derecho> Traducido ao galego por Nuria Campo Campo. [Consultado 20-10-2021].
- **Dominio público:** situación na que quedan as obras artísticas e intelectuais tras o vencemento do prazo que dá dereito á súa explotación exclusiva polo autor/a ou os seus herdeiros/as, e que implica a liberdade de reprodución, representación ou edición. [En liña]. Dispoñible: <https://dle.rae.es/dominio> Traducido ao galego por Nuria Campo Campo. [Consultado 20-10-2021].
- **Copyright:** dereito que ten un autor/a ou editor/a a explotar comercialmente unha obra literaria, musical, cinematográfica etc., durante un período de tempo determinado, o que se consigna na obra en cuestión mediante o símbolo © seguido do nome do posuidor dos dereitos e da data de publicación. [En liña]. Dispoñible: <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/copyright> [Consultado 20-10-2021].
- **Licenza:** autorización que se concede para explotar con fins industriais ou comerciais unha patente, marca ou dereito. [En liña]. Dispoñible: <https://dle.rae.es/licencia?m=form> Traducido ao galego por Nuria Campo Campo. [Consultado 20-10-2021].
- **Plaxio:** apropiación fraudulenta dunha obra allea, normalmente artística ou literaria. [En liña]. Dispoñible: <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/plaxio> [Consultado 20-10-2021].

Antecedentes (I)

- Primeiros exemplos de recoñecemento á creatividade e ao traballo intelectual (Grecia, 330 a.C.)
- Nacemento da imprenta (século XV)
- Incremento da produción e da reprodución
- Necesidade de regulación
- Privilexios (monopolios de explotación)
- Dereitos de autor
- España, 1763 : “O privilexio exclusivo de imprimir unha obra só podía outorgarse ao seu autor e debía negárselle a toda a comunidade secular ou regular”.
- Convenio de Berna para a protección das obras literarias e artísticas, 1886. Países unidos: <https://www.protectia.eu/blog/diccionario-propiedad-industrial/convenio-de-berna/>
- Dereito de autor, Declaración universal de dereitos humanos de 1948.

Antecedentes (II)

- Fúndase para administrar o Convenio de Berna, a *Bureaux internationaux réunis pour la protection de la propriété intellectuelle* (1893), actualmente *Organización mundial da propiedade intelectual* [OMPI](#) (1967).
- Aparecen as primeiras sociedades de dereitos, SAE (1899).
- O século XX, foi o século do Copyright, dos dereitos de autor e das patentes.

Que é a propiedade intelectual?

- É unha **categoría xurídica** que nace para protexer as **creacións do ser humano** que son recoñecidas legalmente polos Estados.
- A propiedade intelectual confire ao autor ou autora as seguintes **facultades**:
 - Explotación económica ou desfrute
 - Disposición de difundir ou non difundir a obra
 - De ser recoñecido/a como autor/a da mesma
 - De modificación da obra e de impedir que se modifique
 - De retirar a obra da circulación ou da publicidade
 - De publicar outra retractándose da anterior, indemnizando, de ser o caso, a terceiros titulares de dereitos.
- Para gozar dos **beneficios** da propiedade intelectual é preciso inscribir a obra no rexistro da propiedade intelectual, a excepción das obras de arte pictórico, escultórico ou plástico.

Funcións da propiedade intelectual

- 1. Protexer os dereitos dos creadores, que obviamente invertiron tempo, traballo e esforzo, e é digno que se recupere.
- 2. Estimular a produción de novas creacións.



Protexer os dereitos dos creadores



**Estimular a produción de novas
creacións**

Razóns da protección da propiedade intelectual

- O progreso e o benestar da humanidade residen na súa capacidade de lograr novas creacións na tecnoloxía e na cultura.
- A protección xurídica destas novas creacións alenta a inversión de recursos adicionais que, á súa vez, inducen a seguir innovando.
- A súa protección estimula o crecemento económico, xera novos empregos e industrias e mellora a calidade e disfrute da vida.

Obras e títulos orixinais

Artigo 10 LPI

- 1. Son **obxecto** de propiedade intelectual todas as creacións orixinais, literarias, artísticas ou científicas expresadas por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro, comprendéndose entre elas:
 - a) Os libros, folletos, impresos, epistolarios, escritos, discursos e alocucións, conferencias, informes forenses, explicacións de cátedra e calquera outra obra da mesma natureza.
 - b) As composicións musicais, con ou sen letra.
 - c) As obras dramáticas e dramático-musicais, as coreografías, as pantomimas e, en xeral, as obras teatrais.
 - d) As obras cinematográficas e calquera outra obra audiovisual.
 - e) As esculturas e as obras de pintura, debuxo, grabado, litografía e as historietas gráficas, tebeos ou cómics, así como os seus ensaios ou bocetos e demais obras plásticas, sexan ou non aplicadas.
 - f) Os proxectos, planos, maquetas e deseños de obras arquitectónicas e de enxeñaría.
 - g) Os gráficos, mapas e deseños relativos á topografía, á xeografía e, en xeral, á ciencia.
 - h) As obras fotográficas e as expresadas por procedementos análogos á fotografía.
 - i) O software.
- 2. O **título** dunha obra, cando sexa **orixinal**, quedará protexido como parte dela.

As obras derivadas

Artigo 11 LPI

- Sen o perxuízo dos dereitos de autor sobre a obra orixinal, tamén son obxecto de propiedade intelectual:
 - As traducións e adaptacións
 - As revisións, actualizacións e anotacións
 - Os compendios, resumos e extractos
 - Os arranxos musicais
 - Calquera transformación dunha obra literaria, artística ou científica

Exclusións

Artigo 13 LPI

- Non son obxecto de propiedade intelectual as disposicións legais ou reglamentarias e os seus correspondentes proxectos, as resolucións dos órganos xurisdiccionais e os actos, acordos, deliberacións e dictames dos organismos públicos, así como as traducións oficiais de todos os textos anteriores.

Esencia da propiedade intelectual

- Dereitos exclusivos:
 - Empregar
 - Vender
 - Comercializar
 - Licenciar
 - Importar

Dereitos de autor

- Dereito moral (non transferible)
 - Autor/a: único/a, primixenio e perpetuo titular dos dereitos morais.
 - Inalienable
 - Imprescriptible
 - Irrenunciable
 - Inembargable
- Dereito patrimonial (transferible)
 - Explotar de maneira exclusiva ou autorizar a outros a súa explotación (límite temporal).
 - Venta
 - Cesión
 - Sucesión ou herencia (titulares ou causahabientes)

Criterios de protección do dereito de autor:

- 1. O dereito de autor protexe as **creacións formais** pero **non** as **ideas**.
- 2. A orixinalidade ou individualidade é condición necesaria para a protección.
- 3. A protección non depende do valor ou do mérito da obra, do seu destino o da súa forma de expresión.



Dereitos de explotación

Artigos 17- 21 LPI

- Dereito de reprodución
- Dereito de distribución
- Dereito de comunicación pública
- Dereito de transformación

Outros dereitos

Artigo 24 LPI

- Dereito de participación: os autores de obras de arte gráfica ou plástica, tales como cadros, collages, pinturas, debuxos, gravados, tapices, cerámicas, obxectos de cristal, fotografías e pezas de vídeo arte, terán dereito a percibir do vendedor unha participación no prezo de toda reventa que das mesmas se realice tras a primeira cesión realizada polo autor.
- O dereito de participación recoñéceselle ao autor da obra e aos seus beneficiarios (derechohabientes) trala morte ou declaración de falecemento.

Duración da protección en España

- A vida do autor e, a partir da súa morte, 70 anos. Agás para os autores/as falecidos antes do 7 de decembro de 1987, que son 80 anos.

Dominio público

Artigo 41 LPI

- Situación na que quedan as obras artísticas e intelectuais tras o vencemento do prazo que dá dereito á súa explotación exclusiva polo autor/a ou os seus herdeiros/as, e que implica a liberdade de reprodución, representación ou edición.
- Condicións para o emprego das obras en dominio público:
 - Extinción dos dereitos de explotación.
 - As obras en dominio público poderán ser empregadas por calquera, sempre que se respete a súa autoría e a integridade da obra nos termos previstos na lexislación vixente.

Entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual en España

- Direccións e tarifas das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual

Normativa de referencia

- [Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril](#), polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e armonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.
- [Lei 2/2019, do 1 de marzo](#), pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, e polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017.
- [Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).


Rexistro da propiedade intelectual

- Normativa estatal e autonómica
- Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - Orde do 20 de novembro de 2001, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se establece o Rexistro da Propiedade Intelectual de Galicia, con sede en Santiago de Compostela, no Centro Superior Bibliográfico de Galicia como Rexistro Territorial Integrado no Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual. [En liña]. Dispoñible en: <https://www.boe.es/boe/dias/2002/06/21/pdfs/A22576-22576.pdf> [Consultado 20-10-2021].

Propiedade industrial

1. Dereito de **explotación** exclusiva sobre os nomes comerciais, as marcas e as patentes, que a lei recoñece durante certo tempo.
2. Os **dereitos de propiedade industrial** permiten a quen os ostenta decidir quen pode usalos e como pode usalos. Teñen **duración variable** en función da categoría.
3. En España, o **organismo competente** é a Oficina española de marcas e patentes.

Dereitos de autor vs. Propiedade industrial



Propiedade industrial

- Dereitos sobre as creacións intelectuais de carácter industrial e os signos distintivos da actividade empresarial.
- Creacións industriais
 - Invencións
 - Modelos de utilidade
 - Deseños industriais
 - Esquemas de trazado de circuitos integrados
 - Secreto industrial
- Signos distintivos

Categorías da propiedade industrial

- Patentes
- Topografías de productos semicondutores
- Obtencións vexetais
- Marcas
- Deseño industrial

Requisitos de patentabilidade

- Unha invención só é patentable se é:
 - Novidosa e sen previa divulgación
 - Distínguese por unha actividade inventiva non obvia a un experto na correspondente tecnoloxía.
 - Susceptible de aplicación industrial, isto é, que sexa fisicamente posible fabricar a invención.

Normativa de referencia

- Patentes e modedos: Lei 24/2015, do 24 de xullo, de Patentes
- Signos distintivos: Lei 17/2001 do 7 de decembro de Marcas
- Deseños industriais: Lei 20/2003, do 7 de xullo, de Protección xurídica do Deseño Industrial
- Topografías de semicondutores: Lei 11/1988, do 3 de maio de Protección xurídica das topografías dos produtos semicondutores

Que son as licenzas de contidos dixitais?

- Unha **licenza**, no ámbito dixital, é unha **autorización** que o autor/a dun contido dixital dá a outras persoas sobre o que poden ou non facer co antedito contido.
- Tipos de licenzas de contidos dixitais:
 - Copyright: limita o emprego, modificación e distribución do contido ao autor/a do mesmo. Excepcións: dereito de cita.
 - Copyleft: permite a calquera persoa o emprego, modificación e distribución, incluso para fins comerciais dun contido.
 - Creative Commons: permiten a incorporación de certas limitacións, segundo a decisión do autor/a da obra.
 - GNU GPL: ámbito do software (libre).

“Todas as obras teñen unha licenza. Sabemos que se non facemos explícita a licenza coa que publicamos a nosa obra, automaticamente ten reservados todos os dereitos, é dicir, un Copyright”.

[En liña]. Dispoñible en:

https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/pluginfile.php/40848/mod_resource/content/10/index.html

Atribución da propiedade intelectual, de Gloria Rivas e Agustín Carracedo. [Consultado 20-10-2021].



Atribución da propiedade intelectual, de Gloria Rivas e Agustín Carracedo
ten unha licenza Creative Commons [Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

Creative Commons

- As licenzas [creative commons](#)
 - BY (Atribución/recoñecemento da autoría)
 - SA (Compartir igual)
 - ND (Sen obra derivada)
 - NC (Non comercial)
- Escolle o tipo de licenza [Creative Commons](#) que máis se axuste á túa obra.
- Compatibilidades entre licenzas
 - <http://www.riate.org/version/v1/recursos/navegablecursolicencias/compatibilidades.html>
- Rexistro dixital
 - <https://www.safecreative.org/>

Atribución da propiedade intelectual

- Calquera obxecto dixital publicado en Internet ten dereitos de propiedade intelectual, mesmo aqueles nos que non se indica ningunha licenza de autor. A lei de propiedade intelectual establece nese caso unha licenza Copyright, é dicir, todos os dereitos reservados.
- Afortunadamente existen outras licenzas, como as Creative Commons, que combinando os 4 dereitos Atribución (BY), Compartir igual (SA) Sen obras derivadas (ND) e Sen uso comercial (NC) orixinan varias licenzas, algunhas das cales permiten o uso deses recursos sempre que se respecten os dereitos reservados.

[En liña]. Dispoñible en:

https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/pluginfile.php/40848/mod_resource/content/10/index.html [Consultado 20-10-2021].

Como citar seguindo as normas APA

[Libros](#)

[Revistas](#)

[Xornais](#)

[Artigo de enciclopedia](#)

[Artigo ou capítulo dun libro](#)

[Artigo dunha páxina web](#)

Recomendacións para a cita do material multimedia

- No caso de imaxes, vídeos, ficheiros multimedia doutros autores, poñeremos o **autor** ou **autora**, o **título** (se o ten), a **fonte** orixinal e a **licenza** da obra. Por exemplo:
 - Por exemplo, este pé dun vídeo: [Nina Paley](#) *Copying Is Not Theft*. En [Vimeo](#) con licenza [CC BY-SA](#)

Contidos educativos dixitais

- Un **contenido educativo** é aquel que engloba un conxunto de coñecementos, habilidades e destrezas enfocados a conseguir un ou varios obxectivos relacionados co ensino e coas competencias clave.
- Na mesma liña, o **contido educativo dixital**, é aquel que cumpre co anterior e ademais toma como referencia a rede para ser elaborado, mostrado e difundido.


Tipos de contidos educativos dixitais



Blogs



Libro dixital



Vídeos



Podcast



Infografías

Por que empregar contidos educativos dixitais?

- Aumentan a participación e a atención do alumnado.
- Adáptanse facilmente ás necesidades da aula.
- Melloran a comunicación co alumnado.

Ferramentas para a creación de contidos educativos dixitais

- [Canva](#)
- Actividades
 - 1º) Rexistro e creación dun usuario
 - 2º) Elaboración dun cartaz
 - 3º) Infografía sobre algún contido da área, materia, disciplina ou módulo que impartes
 - Elixo un tema
 - Recolle os datos necesarios para a súa composición
 - Estrutura a información recollida
 - Procura os elementos que a van compoñer
 - Crea a infografía
 - 4º) Carteleira para vídeo empregando elementos interactivos

- Moitas grazias pola vosa atención.
- Vémonos o próximo xoves día 28 de outubro ás 18:00 horas.